

XEOGRAFÍA E HISTORIA

BOLETÍN RECUPERACIÓN / 2ª AVALIACIÓN / 1º ESO

TEMA 4.- O SER HUMANO NO MEDIO

1) Que son os medios naturais?

son os escenarios nos que o ser humano se desenvolve, subministrándolle os recursos necesarios para a súa supervivencia, polo que os grupos humanos son dependentes dos medios nos que viven. Do mesmo xeito, o ser humano influíu sempre no medio natural mediante as súas actividades económicas (empregando coma unha fonte de recursos, por exemplo a caza, pesca, recolección, a minaría ou a extracción de combustibles fósiles).

2) Que son os recursos naturais?

son os elementos da natureza que proporcionan ao ser humano as materias primas e as fontes de enerxía para satisfacer as súas necesidades.

3) Que tipos de recursos naturais se poden distinguir?

Distínguese entre recursos renovables (radiación solar, vento...) e recursos non renovables (petróleo, carbón...) en función da capacidade de rexeneración do recurso por riba do consumo humano.

4) Que tipos de riscos ambientais naturais coñeces?. Explicaos.

Os **terremotos** son movementos de terreo, consecuencia da liberación brusca de enerxía do interior da Terra mediante ondas sísmicas.

Nun terremoto distínguese:

-**Hipocentro** (lugar en profundidade orixe do sismo).

-Epicentro (lugar da superficie terrestre máis próximo ao hipocentro e onde mais se sente o terremoto).

A intensidade dos terremotos mídese cos **sismógrafos** en escalas como a de Richter.

Se os terremotos teñen lugar no mar, denomínanse **maremotos** ou **tsunamis**, e producen ondas xigantescas que asolagan as costas.

Os **volcáns** son fendas na superficie da Terra polas que saen materiais de diversa índole: incandescentes (lava), gases ou sólidos (piroclastos).

5) Que son os riscos ambientais antrópicos?

Son aqueles riscos derivados das actividades humanas: contaminación, cambio climático, deforestación...

6) Que tipo de riscos antrópicos coñeces?

- 1) A contaminación da auga.
- 2) A contaminación atmosférica.
- 3) A contaminación dos solos.

7) Que actividades humanas contaminan a auga?

- 1) Contaminación por uso doméstico
- 2) Contaminación agrícola e gandeira
- 3) Contaminación industrial

8) En que consiste el “efecto invernadero”?

consiste en que os gases emitidos á atmosfera fan que a radiación solar se intensifique, e polo tanto aumente a temperatura do planeta. Isto trae consigo consecuencias como a perda de biodiversidade, ou a suba do nivel do mar polo derretemento dos xeos.

9) Cal é a causa e que supón a destrución da capa de ozono da atmósfera?

A causa son algúns compostos presentes nos aerosois e sistemas de refrixeración. supón a perda progresiva da capa que protexe aos seres vivos das radiacións ultravioletas do Sol, con efectos negativos para a saúde (Exemplo: cancro de pel).

10) En que dos grandes grupos poden clasificarse as “paisaxes” (en función da incidencia nelas das actividades humanas)?. Explicas.

- Paisaxes naturais: son aquelas nas que non existe intervención humana ou esta é mínima: montañas, rexións polares... --
- Paisaxes humanizadas: son aquelas que se caracterizan por unha grande actividade humana, con numerosas construcións, infraestruturas: cidades, áreas industriais...

TEMA 5.- TEMPO E ESPAZO NA HISTORIA

1) Explica as distintas etapas nas que se divide a historia

.PREHISTORIA: abrangue desde a aparición do ser humano (hai uns 2 millóns de anos) ata a aparición da escritura (en torno ao 3.300 a.C.).

• **IDADE ANTIGA:** abrangue desde a aparición da escritura (3.300 a.C.) até a caída do Imperio Romano de Occidente no século V (ano 476 d.C.). É a época das grandes civilizacións (Exipto, Grecia, Roma...)

• **IDADE MEDIA:** abrangue desde o século V até o século XV, co descubrimento de América no ano 1.492.

• **IDADE MODERNA:** abrangue desde o século XV até o século XVIII, cando se produciron a Revolución Francesa, no ano 1.789.

• **IDADE CONTEMPORÁNEA:** comeza no século XVIII e chega até os nosos días

2) De que se ocupa a historia?

ocúpase do estudo do ser humano no tempo, atendendo a súa dimensión política, económica, social, cultural... e emprega para iso as fontes históricas.

3) Que é unha “fonte histórica”?

Unha fonte histórica, é calquera elemento que ofrezca información sobre as actividades humanas no pasado.

4) Como poden clasificarse as “fontes históricas”?

Pódense clasificar en función de distintos criterios:

Segundo a súa natureza, poden ser:

-**Fontes escritas** (libros, cartas, contratos...),

-**Fontes materiais** (restos arqueolóxicos)

-**Fontes orais** (testemuñas de persoas relacionadas cun feito ou época histórica).

Segundo a súa orixe, poden ser:

-**Fontes primarias :** son as que proceden directamente do momento que se está a estudar (restos arqueolóxicos, documentos da época).

-**Fontes secundarias:** son as que non proceden directamente do momento que se estuda, senón que son posteriores (obras de historiadores, interpretacións de arqueólogos sobre restos arqueolóxicos...)

*** IMPORTANTE:** Repasar os exercicios dos anos e os séculos.

